



Concello de Ribeira de Piquín

BANDO

PRAGA DA PATACA

O mércores 6 de marzo saíu publicada no DOG a resolución da Consellería do Medio Rural pola que se prorrogan todas as medidas fitosanitarias establecidas na Resolución do 8 de marzo de 2017 pola que se establecen as zonas infestadas e as zonas tampón e se implementan as medidas para a erradicación e control con respecto ao organismo de corentena couza guatemalteca da pataca.

O Concello de Ribeira de Piquín segue estando incluído na zona tampón, zona que se define como aqueles terreos comprendidos dentro dunha franxa de 5 quilómetros arredor do límite dos concellos declarados como zonas infestadas. Os concellos de Riotorto e A Pontenova son zonas infestadas pola presenza da praga da pataca, polo tanto unha pequena parte do municipio de Ribeira de Piquín vese incluída na zona tampón, concretamente a parroquia de Santiago de Acevo e parte da parroquia de San Xurxo.

Aquelas persoas que cultiven pataca en terreos incluídos na zona tampón teñen a obriga de comunicalo á Xefatura Territorial da Consellería de Medio Rural segundo o modelo anexo I publicado na citada resolución antes do día 31 de maio de 2019.

Na zona tampón aplicaranse as medidas establecidas nos puntos 4, 5 e 6 do artigo 8 e no punto 2 do artigo 9 do Real Decreto 197/2017, do 3 de marzo, polo que se establece o Programa nacional de control e erradicación da Tecia solanivora. Entre elas, destacan:

- A aplicación dun tratamento fitosanitario durante a fase de tuberización do cultivo e antes da colleita.
- Os tubérculos recollidos non se poderán destinar á semente mentres a praga non se considere erradicada na zona infestada, e só se poderán destinar ao seu uso como patacas de consumo nas condicións definidas no artigo 9 do Real Decreto 197/2017, do 3 de marzo.
- Os agricultores que almacenen patacas para o autoconsumo deberán levar a cabo una vixilancia da pataca e poñerán en coñecemento da autoridade competente calquera dano na pataca relacionado coa praga.
- No caso de parcelas cuxa produción teña por destino a comercialización, o traslado só se poderá realizar despois da revisión pola autoridade competente. A pataca de semente trasladarase baixo control oficial.

Ribeira de Piquín, 08 de marzo de 2019.

O Alcalde.

Asdo.- Roberto Fernández Rico

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE